

A CIG-Compostela leva ao Valedor a supresión da paga extra de Nadal ao persoal de limpeza do CHUS



[1]

A CIG de Compostela vén de presentar unha queixa perante o Valedor do Pobo para solicitar desta institución que vele polos dereitos de máis de 350 traballadores/as do servizo de limpeza do CHUS e reclamar o aboamento da paga extraordinaria de Nadal que lle foi suprimida. A empresa concesionaria, Clece, aplicou esta medida amparándose no decreto 20/2012 e a CIG denuncia que a administración non lle descontou a contía correspondente á mesma, co que tería quedado con eses cartos a propia empresa. 30/1/13.

Clece, a empresa concesionaria do servizo de limpeza do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago, suprimiu o pasado decembro a paga extra de Nadal de 2012 de máis de 350 traballadores/as, amparándose no Real Decreto-Lei 20/2012, de 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade”, aplicábel ao persoal das administracións públicas.

A CIG denuncia que esa medida non era, xa que logo, de aplicación a traballadoras/es de empresas privadas; que non se pode sustentar alegando o citado decreto e que a decisión unilateral de Clece de aplicarlle ao seu persoal “supón unha discriminación para co resto de traballadores/as de empresas privadas” que si a percibiron.

Anxo Noceda, secretario comarcal, denuncia que “polo que nós sabemos, en ningún momento a Xerencia do CHUS procedeu a detraer dos abonos a Clece S.A. o importe correspondente á paga extra”. Entende que a merma de retribucións das traballadoras e traballadores “só vai servir para un maior enriquecemento da empresa adjudicataria” e demanda que lles sexa de inmediato abonada.

O escrito presentado conclúe solicitando que se por parte da institución se apreciase dos feitos calquera indicio de delito ou ilegalidade “se actúe nos termos establecidos na lexislación reguladora desa institución”.

Ligazóns:

[1] <http://www.cigservizos.org/node>